O **uso das TIC** é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar o alumnado, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, favorecer a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de sínteses e a transferencia do coñecemento.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que expoñen o seguinte:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para os alumnos de Cuarto Curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias básicas propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo, **tarefas integradas**, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais. Divídense en niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias básicas a todos os alumnos.

7. Criterios de promoción de Cuarto Curso

Perfil Competencia: COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

4.º Educación Primaria

CN	Busca e selecciona información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos naturais de Galicia, utilizando medios de observación directa (lupa, lupa binocular, microscopio...) e consultando documentos escritos, imaxes e gráficos. Analiza a información, obtén algunha conclusión e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
CN	Expón oralmente e/ou por escrito experiencias e tarefas, utilizando con claridade, orde e adecuación o vocabulario traballado e manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.

**Perfil Competencia: COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS
EN CIENCIA E TECNOLOXÍA**

4.º Educación Primaria

CN	Expón oralmente e/ou por escrito experiencias e tarefas, utilizando con claridade, orde e adecuación o vocabulario traballado e manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
CN	Realiza experiencias, tarefas sinxelas e pequenas investigacións sobre o ser humano, a saúde, os seres vivos etc., iniciándose na formulación de problemas, enunciando algunha hipótese, utilizando o material proporcionado, realizando e extraendo conclusións sinxelas, comunicando os resultados e presentando as tarefas de maneira ordenada, clara e limpa.
CN	Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano: relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso, aparato locomotor) e nutrición (aparatos circulatorio, excretor...).
CN	Identifica algunhas das principais características das funcións vitais do ser humano: relación e nutrición.
CN	Coñece algunhas características do funcionamento do corpo humano.
CN	Coñece os principios das dietas equilibradas.
CN	Coñece algúns avances da ciencia que melloran a saúde.
CN	Coñece e comprende técnicas básicas de primeiros auxilios.
CN	Identifica as diferenzas entre seres vivos e seres inertes.
CN	Identifica e describe con axuda a estrutura dos seres vivos (órganos, aparatos), identificando as principais características de cada un deles.
CN	Observa directa e indirectamente, coñece, identifica e enumera características e recoñece e clasifica os seres vivos (animais e plantas) de Galicia.
CN	Coñece a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.
CN	Identifica e explica as relacións entre os seres vivos: cadeas alimentarias, ecosistemas...
CN	Identifica algunhas das causas da extinción de especies.
CN	Observa e identifica os compoñentes dun ecosistema próximo.

CN	Recoñece en debuxos, fotografías e vídeos algúns ecosistemas (charca, bosque, deserto...) e os seres vivos que habitan neles.
CN	Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos de Galicia.
CN	Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais apropiados e comunica de forma oral e/ou escrita os resultados.
CN	Observa, identifica e clasifica algúns materiais, fixándose nas súas propiedades elementais: cheiro, sabor, textura, cor, capacidade de disolución, peso/masa...
CN	Utiliza diferentes procedementos para a medida da masa dun corpo, tales como a balanza e a báscula.
CN	Identifica e explica, coa axuda do docente, as principais características da flotabilidade nun medio líquido.
CN	Coñece os cambios de estado e algunhas das leis básicas que os rexen.
CN	Planifica e realiza, coa axuda do docente, experiencias sinxelas e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas, e comunica o proceso seguido e os resultados obtidos.
CN	Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: luminosa, sonora, eléctrica e térmica.
CN	Identifica e explica algunhas das principais características das enerxías non-renovables, identificando a orixe da que proveñen.
CN	Identifica e explica os beneficios e os riscos relacionados coa utilización da enerxía: esgotamento.
CN	Realiza experiencias sinxelas (por exemplo, no laboratorio, na clase...) para separar os compoñentes dunha mestura mediante filtración.
CN	Coñece os efectos da calor no aumento de temperatura e na dilatación dalgúns materiais.
CN	Identifica e experimenta, coa axuda do docente, algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.
CN	Investiga a través da realización de experiencias sinxelas sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia: expón problemas, enuncia hipóteses, selecciona o material necesario, extrae conclusións sinxelas e comunica os resultados.
CN	Realiza experiencias sobre os fenómenos, tales como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e o cambio de estado.
CN	Identifica diferentes tipos de máquinas do seu contexto próximo e clasifícaaas segundo o número de pezas.
CN	Observa e identifica algúns dos compoñentes das máquinas máis habituais do seu contexto próximo.

CN	Observa e identifica, coa axuda do docente, algunha das aplicacións das máquinas non-asociadas ao contexto próximo do alumnado, e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.
CN	Coñece os elementos dun circuito eléctrico.
CN	Coñece algúns efectos da electricidade.
CN	Busca e selecciona información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos naturais de Galicia, utilizando medios de observación directa (lupa, lupa binocular, microscopio...) e consultando documentos escritos, imaxes e gráficos; analiza a información obtida, extrae algunha conclusión e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
CN	Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e o mantemento dos diferentes órganos.
CN	Identifica e adopta hábitos saudables para previr enfermidades.

Perfil Competencia: COMPETENCIA DIXITAL

4.º Educación Primaria

CN	Iníciase no uso do tratamento de textos.
CN	Coñece e comprende o uso axeitado das TIC como recurso de lecer.
CN	Coñece as medidas de seguridade persoal que debe utilizar no uso das TIC ao seu alcance.
CN	Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais apropiados, e comunica de forma oral e/ou escrita os resultados.

Perfil Competencia: COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

4.º Educación Primaria

CN	Coñece algunhas estratexias sinxelas adecuadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
CN	Coñece e aplica frecuentemente estratexias para estudar e traballar de maneira eficaz (por exemplo: autoinstrucións, seguimento de rúbricas, resumo, esquema...).
CN	Reflexiona, coa axuda do docente, sobre o traballo realizado e extrae conclusións sinxelas sobre como traballa e aprende.
CN	Manifesta autonomía na execución de accións e tarefas.
CN	Manifesta e desenvolve iniciativa na toma de decisións, tendo en conta as consecuencias principais das decisións tomadas.
CN	Realiza experiencias, tarefas sinxelas e pequenas investigacións sobre o ser humano, a saúde, os seres vivos etc., iniciándose na formulación de problemas, enunciando algunha hipótese, utilizando o material proporcionado, realizando e extraendo conclusións sinxelas, comunicando os resultados, e presentando as tarefas de maneira ordenada, clara e limpa.
CN	Planifica, coa axuda do docente e de forma autónoma, actividades individuais de lecer e tempo libre, que repercutan positivamente no seu modo de vida.

Perfil Competencia: COMPETENCIA EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

4.º Educación Primaria

CN	Manifesta progresiva autonomía na execución de accións e tarefas.
CN	Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función a partir de pezas moduladas.
CN	Coñece os elementos dun circuío eléctrico.

Perfil Competencia: COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

CN	Realiza proxectos de forma individual ou en equipo e presenta un informe en papel, recollendo información de diferentes fontes directas e indirectas; e comunica de forma oral a experiencia realizada, apoiándose en imaxes e textos escritos.
CN	Coñece as normas básicas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo (por exemplo no laboratorio, na clase...).
CN	Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento dos diferentes órganos.
CN	Identifica e adopta hábitos saudables para previr enfermidades.
CN	Coñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e de tabaco, sobre todo en idades temperás.
CN	Identifica e comprende emocións e sentimentos propios, dos seus compañeiros e dos adultos, manifestando condutas empáticas.
CN	Planifica, coa axuda do docente e de forma autónoma, actividades individuais de lecer e tempo libre que repercutan positivamente no seu modo de vida.
CN	Mostra condutas de respecto e de coidado cara aos seres vivos.
CN	Respecta e comprende algunhas das normas básicas de uso e de seguridade dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.
CN	Coñece, comprende e respecta as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo (por exemplo: tesoiras, lapis, enchufes, billas, chisqueiros de alcohol, coitelos, vidro...) na aula.
CN	Coñece os principios das dietas equilibradas.
CN	Coñece algúns avances da ciencia que melloran a saúde.
CN	Identifica e explica os beneficios e os riscos relacionados coa utilización da enerxía: esgotamento.

8.Ensinanzas transversais de Cuarto Curso

Educación para a igualdade entre sexos

- Rexeitar calquera discriminación por razón de sexo.
- Desenvolver unha actitude crítica ante a imaxe que se transmite do rol do home e da muller.

Educación do consumidor

- Mostrar unha actitude crítica e positiva nas accións de compra, goce de bens ou uso de servizos.
- Valorar a necesidade de mellorar o uso e a reciclaxe das materias primas, reducir o consumo de enerxía e utilizar enerxías e materias alternativas non-contaminantes.
- Fomentar actitudes críticas ante o consumo excesivo e analizar o papel da publicidade na incitación ao consumo.
- Valorar a contribución dos recursos tecnolóxicos para satisfacer determinadas necesidades humanas.

Educación ambiental

- Coñecer o medio como un sistema de elementos interdependentes e onde o ser humano é un elemento máis, capaz de actuar sobre el, cuestionalo e modificalo.
- Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio e tomar conciencia da deterioración que causan nel estas intervencións.
- Adoptar pautas de conduta para a defensa do medio.
- Valorar a necesidade da cooperación local, nacional e internacional para previr os problemas ambientais.

Educación para a saúde

- Coñecer e practicar hábitos elementais de coidado persoal para mellorar a calidade de vida e coñecer as consecuencias de non os adquirir.
- Coñecer as consecuencias dos hábitos alimenticios inadecuados, o consumo de alcohol e de tabaco, a vida sedentaria etc. e rexeitar as pautas de comportamento que non conducen á adquisición dun benestar físico e mental.

Educación para a paz

- Simular situacións nas que o diálogo e o debate contribúan á resolución de conflitos.
- Comprometerse na defensa dos dereitos humanos e en superar calquera tipo de discriminacións e situacións de insolidariedade.

Educación moral e cívica

- Coñecer o mecanismo de funcionamento dalgunhas organizacións sociais e políticas, defender activamente os dereitos e os deberes de cada membro da sociedade e valorar o diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia.
- Respectar os símbolos, costumes e modos de vida doutras poboacións e rexeitar calquera tipo de discriminación.
- Respectar os restos histórico-artísticos presentes no medio.

Educación viaria

- Planificar viaxes utilizando diferentes medios de transporte mediante a consulta de guías de viaxe, folletos turísticos, mapas de estradas e ferrocarril etc.

Educación para o lecer

- Demostrar actitudes positivas no desenvolvemento do tempo de lecer.
- Planificar xogos e actividades para o tempo libre.

9. Atención á diversidade.

Relación das diferentes propostas para traballar a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos. Deseguido móstrase un exemplo:

Atención á diversidade

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA):** os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición das competencias por parte do alumnado.
- **AMPLIACIÓN:** fichas para fotocopiar con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do ciclo etc.
- **COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...
- **PLANS INDIVIDUAIS:** dirixidos aos alumnos que os requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Por exemplo, o grupo clase pode estar a traballar o xénero masculino e feminino, mentres que varios alumnos poden estar a reforzar os artigos *o/a, e*, simultaneamente, outro grupo pode estar a traballar a un nivel máis básico a comprensión dun texto.

Deste xeito, nunha mesma aula posibilitase traballar a diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a.

- **ENSINANZA CON TITOR.**
- **LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.**

10. Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura e para desenvolver a expresión oral e escrita

Lectura:

- Lectura do libro de texto.
- Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).
- Textos en soporte dixital (Internet).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes e/ou audios.

Expresión:

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos ou intervencións: planificación, redacción e revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Expresión escrita en soporte papel e en pantalla.

11. Estratexias para incorporar as TIC na aula

Para incorporar as TIC na aula propuxéronse unha serie de recursos **integrados** cos contidos e coas actividades de Ciencias da Natureza para Cuarto Curso, aos que complementan e amplían.

<i>Actividades TIC</i>	<ul style="list-style-type: none">• Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Ligazóns a Internet</i>	<ul style="list-style-type: none">• Aproveitamento de recursos educativos en Internet: procura de imaxes, información ou curiosidades e selección e organización para transformar estes elementos en coñecemento.
<i>Libro Dixital interactivo</i>	<ul style="list-style-type: none">• Libro para proxectar que incorpora elementos de interactividade: actividades, ligazóns, animacións...

PROGRAMACIÓN
4º DE PRIMARIA
ÁREA DE SOCIAIS

PROGRAMACIÓN ÁREA DE SOCIAIS. CUARTO CURSO DE PRIMARIA.

1. Obxectivos en clave de Competencias do Cuarto Curso

1. Identificar e describir o tempo atmosférico, os principais fenómenos meteorolóxicos e os aparellos utilizados para realizar medicións concretas e exactas sobre as condicións atmosféricas, valorando a importancia destas predicións para a vida das persoas e as principais actividades económicas. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).
2. Identificar como as actividades humanas orixinan os desequilibrios no medio, adquirindo pautas de consumo e comportamento responsable para reducir o impacto ambiental das nosas actividades. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).
3. Recoñecer as características da Terra, as súas capas, os tipos de rochas, a distribución da auga no planeta e as distintas formas de relevo. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).
4. Coñecer as principais formas de representar a Terra e os elementos para cada unha desas representacións. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).
5. Recoñecer a forma de organización da localidade, do municipio e das comunidades autónomas, identificando os valores democráticos en que se fundamentan e sendo consciente da importancia da participación cidadá na organización e na colaboración no funcionamento. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).
6. Coñecer os principais factores que interveñen na evolución dunha poboación, os principais conceptos demográficos para calcular, representar e interpretar os datos dunha poboación. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias naturalista e visual e espacial).
7. Identificar as actividades comerciais, os principais tipos e as persoas que interveñen nelas, considerar a importancia e a contribución destas á sociedade do benestar relacionándoas coa satisfacción de necesidades en canto á prestación de servizos que supoñen. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).

8. Coñecer e respectar as normas básicas de seguridade viaria e sabelas utilizar como peón, condutor de bicicletas e usuario dos medios de transporte e doutros servizos. (Sociais e cívicas / Intelixencias interpersoal e intrapersoal).
9. Iniciarse no uso das unidades de medida do tempo histórico para localizar e ordenar os feitos históricos. Adquirir o concepto de historia coñecendo as idades en que se divide, identificando as fontes históricas e sabendo clasificalas. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía, Sociais e cívicas, Aprender a aprender / Intelixencia lóxica e matemática, Interpersoal e Intrapersoal).
10. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga coñecendo as características da vida humana, a súa organización social e as manifestacións culturais e artísticas, así como valorar a importancia dos museos e dos monumentos históricos, mostrando unha actitude de respecto e de coidado. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía, Sociais e cívicas, Aprender a aprender / Intelixencia lóxica e matemática, Interpersoal e Intrapersoal).
11. Formular hipóteses e elaborar mensaxes e textos informativos, explicativos e argumentativos para a comprensión e a explicación da realidade. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).
12. Buscar, seleccionar e organizar información de diferentes fontes, analizala e extraer conclusións, reflexionar sobre o proceso seguido e comunicalo (oralmente ou por escrito), utilizando con rigor e precisión o vocabulario axustado aos contidos traballados, así como ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e aos recursos diversos na elaboración de traballos. (Comunicación lingüística, Dixital, Aprender a aprender / Intelixencia lingüística e verbal e Intrapersoal).
13. Participar en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable e mostrando habilidades para evitar e resolver os conflitos pacificamente. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).
14. Mostrar autonomía á hora de planificar e levar a cabo accións e tarefas, así como creatividade e iniciativa á hora de tomar decisións. (Iniciativa emprendedora / Intelixencia intrapersoal).

2. Secuencia e temporalización de Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe avaliáveis de Cuarto Curso

COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES		
<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>
<p>Bloque 1. Contidos comúns</p> <ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico e á súa aplicación nas Ciencias Sociais. Recollida de información do tema que hai que tratar utilizando diferentes fontes (directas e indirectas). Utilización das TIC para buscar e seleccionar información e presentar conclusións. - Desenvolvemento de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes. Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficas. Técnicas de traballo intelectual. Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. - Fomento de técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias Sociais (de carácter social, xeográfico e histórico). - Utilización de estratexias para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo. Uso e utilización correcta de diversos materiais cos que se traballa. 	<ul style="list-style-type: none"> - Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas). - Utilizar as TIC para obter información, aprender e expresar contidos sobre as Ciencias Sociais. - Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. - Realizar traballos e presentacións a nivel individual e de grupo que supoñan a procura, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo. - Valorar o traballo en grupo mostrando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates. 	<ul style="list-style-type: none"> - Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícaa oralmente e/ou por escrito. - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. - Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. - Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. - Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos. - Realiza traballos e presentacións a nivel individual e de grupo que supoñan a procura, selección e organización de textos de carácter

<p>- Iniciativa emprendedora.</p> <p>- Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante.</p>	<p>- Respetar a variedade dos diferentes grupos humanos e valorar a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e dos dereitos humanos universalmente compartidos.</p> <p>- Participar dunha maneira eficaz e construtiva na vida social creando estratexias para resolver conflitos.</p> <p>- Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.</p> <p>- Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor, aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.</p> <p>- Desenvolver actitudes de cooperación e de traballo en equipo, así como o hábito de asumir novos roles nunha sociedade en continuo cambio.</p>	<p>xeográfico, social e histórico.</p> <p>- Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo e mostra habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</p> <p>- Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.</p> <p>- Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e dos dereitos humanos universalmente compartidos.</p> <p>- Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida social e crea estratexias para resolver conflitos.</p> <p>- Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornas (escola, familia, barrio etc.).</p> <p>- Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.</p> <p>- Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.</p> <p>- Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.</p>
--	---	--

PRIMEIRO TRIMESTRE		
<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>
<p>Bloque 2. O mundo que nos rodea</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formas de representación da Terra: planos, mapas, planisferios e globos terráqueos. - Identificación dos polos, o eixe e os hemisferios. - Os paralelos e os meridianos. As coordenadas xeográficas: latitude e lonxitude. - Planos, mapas e planisferios. Mapas físicos e políticos. - Escalas e signos convencionais dun mapa. - O tempo atmosférico. Medición e predición meteorolóxica. Instrumentos de medida. - Gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións: os climogramas. - Os mapas do tempo. Símbolos convencionais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Explicar e comparar as distintas formas de representar a superficie terrestre identificando os polos, o eixe e os hemisferios e analizar cal reflicte mellor a realidade á que representa. - Identificar e manexar os conceptos de paralelos, meridianos e coordenadas xeográficas para localizar determinados puntos da Terra. - Diferenciar correctamente entre planos, mapas, planisferios, mapas físicos e políticos, analizar e describir as características máis relevantes de cada un e interpretar a súa escala e signos convencionais básicos de cara a orientarse nun espazo determinado . - Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida, o seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> - Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios. - Localiza diferentes puntos da Terra empregando os paralelos e os meridianos e as coordenadas xeográficas. - Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer nel. - Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico. - Describe unha estación meteorolóxica, explica a

<ul style="list-style-type: none"> - A litosfera: características e tipos de rochas. - Rochas e minerais: propiedades, usos e utilidades. - A litosfera: placas tectónicas. Os volcáns, os terremotos e as súas consecuencias. - A hidrosfera. Distribución das augas no planeta. Masas e cursos de auga. - Vertentes hidrográficas. - Os tramos dun río. 	<ul style="list-style-type: none"> - Adquirir o concepto de litosfera, coñecer algúns tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e algunha das súas propiedades e usos. Facer especial fincapé nos que son propios de Galicia. - Coñecer a formación da litosfera e a dinámica das placas tectónicas e analizar as súas influencias e consecuencias no medio que as rodea. - Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas e analizar as partes dun río do medio próximo. 	<p>súa función e confecciona e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interpreta e elabora mapas meteorolóxicos sinxelos distinguindo os seus elementos principais. - Observa, identifica e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos. - Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades. - Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica das placas tectónicas e as súas consecuencias. - Define hidrosfera e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas. - Diferenza cuncas e vertentes hidrográficas. - Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada tramo.
---	--	--

SEGUNDO TRIMESTRE		
<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>
<p>Bloque 2. O mundo que nos rodea</p> <ul style="list-style-type: none"> - A diversidade xeográfica das paisaxes de Galicia: relevo e hidrografía. Utilización de sistemas de información xeográfica. - A intervención humana no medio. - A contaminación e o cambio climático. - Desenvolvemento sostible e consumo responsable. Elaboración dunha campaña de concienciación no centro educativo. <p>Bloque 3. Vivir en sociedade</p> <ul style="list-style-type: none"> - A organización social, política e territorial: o Estado español e as Comunidades Autónomas. - Estructuras de goberno básicas: o concello. - As principais institucións políticas e as súas funcións. Elaboración de organigramas sinxelos. - Dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás. - A Constitución de 1978. 	<ul style="list-style-type: none"> - Describir as características do relevo de Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa. - Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible a través da realización dunha campaña de concienciación no centro educativo. - Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno básicos. - Identificar as principais institucións políticas de Galicia e do Estado español que se derivan da Constitución, así como as súas funcións. - Analizar a importancia que teñen os dereitos, deberes e liberdades recollidos na Constitución para o exercicio dunha cidadanía activa e unha convivencia pacífica. 	<ul style="list-style-type: none"> - Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia e as súas vertentes hidrográficas. - Sitúa nun mapa os mares, os océanos e os grandes ríos de Galicia. - Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. - Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e o consumo responsable. - Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España. - Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións. - Identifica a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.

<p>- Manifestacións culturais e lingüísticas de España.</p> <p>- Demografía e poboación.</p> <p>- Conceptos demográficos básicos e a súa representación. Representación gráfica dalgúns datos demográficos de Galicia obtidos en fontes estatísticas: IGE.</p> <p>- A educación viaria.</p>	<p>- Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.</p> <p>- Comprender e interpretar os principais conceptos demográficos e calculalos a partir dos datos de poboación.</p> <p>- Coñecer e respectar as normas de circulación e fomentar a seguridade viaria en todos os seus aspectos.</p>	<p>- Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e da convivencia pacífica.</p> <p>- Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.</p> <p>- Define demografía e comprende os principais conceptos demográficos.</p> <p>- Elabora gráficos sinxelos a partir de datos demográficos obtidos en diversas fontes de información.</p> <p>- Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas.</p> <p>- Coñece o significado dalgúns sinais de tráfico, recoñece a importancia de respectalos e utilízalos tanto como peón como persoa usuaria de medios de transporte (abrochar o cinto, non molestar a persoa condutora...).</p>
---	---	---

TERCEIRO TRIMESTRE		
<i>Contidos</i>	<i>Critérios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>
<p>Bloque 4. As pegadas do tempo</p> <ul style="list-style-type: none"> - O tempo histórico. A Prehistoria e a Idade Antiga: duración e datación dos feitos históricos significativos que acoutan estas etapas. - As fontes históricas: a importancia das fontes arqueolóxicas e materiais. A escritura. - Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo. - A Península Ibérica na Prehistoria. - A Península Ibérica na Idade Antiga. - A Prehistoria e Idade Antiga en Galicia. Os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> - Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia. - Coñecer a importancia das fontes históricas para o estudo da historia. - Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Define o concepto de prehistoria e historia, asociando as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final. - Explica e valora a importancia da escritura, da agricultura e da gandaría, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas. - Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos e materiais que produce unha sociedade como fontes para coñecer o noso pasado, con especial relevancia da escritura. - Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C ou d.C. - Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.

	<ul style="list-style-type: none">- Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.- Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto cara a súa contorna e cultura e apreciando a herdanza cultural.	<ul style="list-style-type: none">- Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.- Respecta e asume o comportamento que se debe ter cando se visita un museo ou un edificio antigo.
--	---	---

3. Avaliación trimestral das Competencias

1º TRIMESTRE					
Instrumentos de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis trimestrais	Niveis de desempeño			
		1 <i>Pouco adecuado</i>	2 <i>Adecuado</i>	3 <i>Notable</i>	4 <i>Excelente</i>
<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas diversas realizadas polo alumnado durante a actividade diaria na clase. • Caderno de clase do alumno. • Arquivo individual • Actividades de avaliación (libro, fichas, probas escritas...). • Actividades interactivas. • Probas orais e escritas. • Intervencións na clase. • Exposicións orais. • Preguntas individuais e de grupo. • Rexistro de incidencias. • Fichas de rexistro individual. • Traballos en 	<p>Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>	<p>Non manifesta autonomía á hora de buscar, seleccionar nin analizar información relevante; non sabe analizarla nin extraer conclusións.</p>	<p>Ás veces busca, selecciona e organiza información concreta e relevante; pero cústalle moito analizala, obter conclusións e reflexionar sobre o proceso seguido.</p>	<p>Normalmente busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícaa oralmente e/ou por escrito.</p>	<p>Sempre busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícaa oralmente e/ou por escrito.</p>
	<p>Utiliza as TIC (Internet, redes sociais etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.</p>	<p>Descoñece a utilización das TIC (Internet, redes sociais etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.</p>	<p>Amosa dificultades para utilizar as TIC (Internet, redes sociais etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.</p>	<p>Normalmente utiliza as TIC (Internet, redes sociais etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.</p>	<p>Utiliza as TIC (Internet, redes sociais etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados, de forma autónoma.</p>

grupo.
• Autoavaliación.

Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	Ten serias dificultades para realizar as tarefas encomendadas e para presentar os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	Moitas veces cústalle realizar as tarefas encomendadas e presentar os traballos de maneira ordenada, clara nin limpa.	Regularmente realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios.	Descoñece como explicar e comparar as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos e non sabe identificar polos, eixe e hemisferios.	Cústalle bastante explicar e comparar as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos e non sabe identificar polos, eixe e hemisferios.	Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios, pero comete algún erro.	Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios, e represéntaos graficamente.
Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer nel.	Amosa baixa motivación para identificar e clasificar distintos tipos de mapas, non sabe explicar que é a escala nun mapa, nin usala nin empregala.	Presenta problemas serios para identificar e clasificar distintos tipos de mapas, cústalle explicar que é a escala nun mapa, usala e empregala e interpreta con dificultades os signos convencionais	Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer nel, pero	Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais

		básicos que poden aparecer nel.	non o fai de maneira autónoma.	básicos que poden aparecer nel, e sabe interpretalos.
Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico.	Descoñece que é o tempo atmosférico e, polo tanto, non sabe identificar os instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos nin sabe facer medicións nin interpretacións de datos nin de predicións do tempo atmosférico.	Cústalle moito definir tempo atmosférico e identificar os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos e tampouco sabe clasificarlos segundo a función e información que proporcionan.	Normalmente define tempo atmosférico, identifica os instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico.	Define tempo atmosférico, identifica os instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico, e comunícaos ao resto da clase.
Observa, identifica e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos.	Amosa moitas dificultades para observar, identificar e explicar a composición das rochas e non presenta interese	Ten algunhas dificultades para observar, identificar e explicar a composición das rochas e cústalle nomear algúns dos seus tipos.	Regularmente observa, identifica e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos.	Observa, identifica e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos, e identifícaa na súa contorna.

	por saber nomear os seus tipos.			
Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades.	Presenta abundosas dificultades para identificar as diferenzas entre rochas e minerais, e descoñece como se describen os seus usos e utilidades.	Moitas veces non sabe identificar nin explicar as diferenzas entre rochas e minerais, e cústalle describir os seus usos e utilidades.	Case sempre identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades.	Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades.
Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias.	Non amosa ningún interese por coñecer ou definir a formación da litosfera nin a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias.	Ten bastantes dificultades para coñecer e definir a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias.	Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias, pero non de maneira autónoma.	Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias.
Define hidrosfera e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas.	Descoñece que é a hidrosfera e non presenta ningún interese por identificar nin nomear as	Define hidrosfera con moitas dificultades e non sabe identificar nin nomear as grandes masas e cursos de auga, nin	Case sempre sabe definir hidrosfera e identificar e nomear as grandes masas e cursos de auga, explicando	Define hidrosfera e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como

	grandes masas e cursos de auga.	explicar como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas.	como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas.	se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas.
Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un dos tramos.	Presenta unha baixa motivación por identificar e nomear os tramos dun río e non recoñece as características de cada un dos tramos.	Identifica e nomea os tramos dun río con dificultade e cústalle recoñecer as características de cada un dos tramos.	Normalmente identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un dos tramos.	Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un dos tramos, e recoñéceos na súa contorna.

2º TRIMESTRE					
Instrumentos de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis trimestrais	Niveis de desempeño			
		1 <i>Pouco adecuado</i>	2 <i>Adecuado</i>	3 <i>Notable</i>	4 <i>Excelente</i>
<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas diversas realizadas polo alumnado durante a actividade diaria na clase. • Caderno de clase do alumno. • Arquivo individual • Traballos en grupo. • Resolución de exercicios e problemas. • Actividades interactivas. • Actividades de avaliación (libro, fichas, probas escritas...). • Intervencións na clase. • Exposicións orais. • Preguntas individuais e de grupo. • Fichas de 	<p>Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>	<p>Non manifesta autonomía á hora de buscar, seleccionar nin analizar información relevante; non sabe analizar e extraer conclusións.</p>	<p>Ás veces busca, selecciona e organiza información concreta e relevante; pero cústalle moito analizar e obter conclusións e reflexionar sobre o proceso seguido.</p>	<p>Normalmente busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícao oralmente e/ou por escrito.</p>	<p>Sempre busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícao oralmente e/ou por escrito.</p>
	<p>Utiliza as TIC (Internet, redes sociais etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.</p>	<p>Descoñece a utilización das TIC (Internet, redes sociais etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.</p>	<p>Amosa dificultades para utilizar as TIC (Internet, redes sociais etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.</p>	<p>Normalmente utiliza as TIC (Internet, redes sociais etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.</p>	<p>Utiliza, con responsabilidade, as TIC (Internet, redes sociais etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.</p>

<p>registro individual.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballos en grupo. • Postas en común. • Entrevistas. <p>• Autoavaliación.</p>	<p>Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.</p>	<p>Ten serias dificultades para desenvolver actitudes de cooperación e de traballo en equipo e non valora as ideas alleas nin sabe reaccionar con intuición, apertura nin flexibilidade ante elas.</p>	<p>Moitas veces non sabe desenvolver actitudes de cooperación nin de traballo en equipo, e cústalle moito valorar as ideas alleas e reaccionar con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.</p>	<p>Regularmente desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.</p>	<p>Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura, actitude positiva e flexibilidade ante elas.</p>
- COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA : Empregarase o coñecemento matemático para resolver problemas motores (como a formación de figuras xeométricas co corpo, lanzamentos con traxectorias, ou orientación no espazo), e ó final de cada unidade, realizarán un xogo onde aplicarán o cálculo mental. Afondarase na repercusión da actividade física na saúde.

- COMPETENCIA DIXITAL: Contribúese ó uso das TIC como medio e apoio á aprendizaxe, a través da realización de actividades interactivas (de deportes ...).

- APRENDER A APRENDER: O alumno/a enfrontarase ás tarefas de maneira

cada vez máis eficaz e autónoma, tomando conciencia das súas posibilidades e limitacións motoras, con actitudes de perseveranza e esforzo. Realizaranse rutinas diarias e manexo de espazos diferenciados do pavillón, como é o almacén ou o vestiario.

- COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS: Coa práctica de actividades físicas

onde porán en xogo estratexias de colaboración e oposición, xogo limpo, respecto, diálogo para resolver os conflitos, preparemos ó alumnado para o exercicio dunha cidadanía activa e democrática, contribuíndo ó desenvolvemento das habilidades sociais.

- SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR: Mediante unha

metodoloxía activa e motivadora para o alumno/a, con distribución de responsabilidades ou participación na organización das actividades, contribuírase a que tome decisións con progresiva autonomía, manifestando actitudes de confianza, iniciativa individual ...

- CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS: O alumnado será consciente

da parte artística dos movementos, fomentándose a creatividade, imaxinación, exploración da expresión corporal, valorando a liberdade de expresión, e considerando os deportes, danzas, actividades expresivas e xogos tradicionais galegos como patrimonio cultural.

3. CONTIDOS.

BLOQUE 1: "CONTIDOS COMÚNS". Afóndase en contidos de carácter transversal que se traballarán en combinación co resto dos bloques, como: desenvolvemento de actitudes para a actividade física, aceptación das diferenzas, valoración da realidade corporal, confianza e respecto a normas, compañeiros/as e estratexias; utilización das TIC; uso de materiais e espazos e hábitos de coidado e hixiene corporal.

BLOQUE 2: "O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN". Favorécese a aceptación da realidade corporal, a confianza e autoestima. Traballarase o descubrimento dos elementos orgánico- funcionais que interveñen no movemento, a organización espacial e temporal, o equilibrio estático e dinámico, o control da respiración e a consolidación da lateralidade.

BLOQUE 3: "HABILIDADES MOTRICES". Emprego das habilidades motrices básicas en situacións coñecidas e na súa adaptación a outras situacións, nas posibilidades de movemento, así como na mellora das capacidades físicas básicas de forma global e lúdica. Cunha actitude favorable na realización das actividades respectando as diferenzas.

BLOQUE 4: "ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS". Fincapé no corpo e movemento como formas de expresión e comunicación, desenvolvendo as habilidades motrices básicas de forma global; expresión de emocións; recreación de personaxes e contextos; coñecemento e participación desinhibida en bailes e coreografías sinxelas.

BLOQUE 5: "ACTIVIDADES FÍSICA E SAÚDE". Consólidanse hábitos básicos relacionados coa alimentación, hixiene corporal e postural. Os beneficios da actividade física orientada á saúde. Ademais da actitude favorable e responsable na práctica da mesma, como a adopción de comportamentos seguros, o quecemento e a volta á calma.

BLOQUE 6: "OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS". Traballarase variedade de xogos, como os tradicionais galegos, e a iniciación á práctica deportiva, con propostas lúdicas. Afondando na aplicación das habilidades básicas, nas estratexias básicas do xogo, no respecto, no coidado da natureza e na valoración do xogo como elemento social.

3. OBXECTIVOS.

O artigo 4 do D. 105/2014 entende por obxectivos “os referentes relativos ós logros que o alumnado debe acadar ó finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensinanza e aprendizaxe intencionadamente planificadas para tal fin”, Polo que, estes vannon a orientar o deseño e a elaboración das actividades necesarias para lograr esa finalidade e contribuír así ó máximo desenvolvemento das capacidades do alumno/a, a través dun traballo globalizado da área de Educación Física.

Tódolos obxectivos que se perseguen con esta programación didáctica contribuirán ó desenvolvemento das competencias clave. Para a súa formulación serán o meu principal referente os obxectivos da Educación Primaria, recollidos no artigo 3 do O. 105/2014. Sendo o da letra “k” o que máis se relaciona coa área: “Valorara hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Destaco tamén, a modo de exemplo, na proposta de xogos cooperativos onde se favoreza o respecto ás normas e compañeiros, a contribución ó da letra “a”, que fala sobre “coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia”. Ou o “b”, sobre “desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo”, reforzando actitudes de esforzo, responsabilidade, iniciativa ou creatividade.

Obxectivos deste curso, que deberá acadar o alumnado ó finalizar o proceso educativo:

Bloque 1.

1. Participar activamente sen discriminar ós compañeiros e compañeiras e amosando un comportamento responsable.
2. Empregar as TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación) na aprendizaxe.
3. Expresar as ideas correctamente, respectando as opinións dos demais.
4. Responsabilizarse do cumprimento das normas de educación viaria.

Bloque 2:

5. Consolidar o esquema corporal, lateralidade e coñecer a respiración, circulación, e músculos e articulacións do corpo que inflúen no movemento.
6. Reaccionar ante combinacións de estímulos dando respostas motoras adecuadas,
7. Manter o equilibrio en distintas situacións e posicións durante un tempo.

Bloque 3.

8. Realizar as habilidades motrices básicas: desprazamentos, saltos, lanzamentos, recepcións e xiros, mantendo unha correcta coordinación e equilibrio.

Bloque 4.

9. Representar personaxes, situacións e sentimentos. utilizando o corpo e o movemento.
10. Adaptar o corpo ó ritmo musical e practicar bailes sinxelos en interacción cos demais.

Bloque 5.

11. Adoptar hábitos de hixiene corporal, postural, alimentación, e de exercicio físico.
12. Ter en conta a seguridade nas sesións (medidas de seguridade, quecemento).

Bloque 6.

13. Coñecer e practicar diversidade de xogos e deportes populares e tradicionais, individuais, colectivos e ó aire libre.
14. Empregar de maneira respectuosa os espazos naturais.

3. ESTILOS DE ENSEÑANZA.

- Resolución de problemas: O alumno/a experimenta e descubre por si mesmo as solucións aos problemas motores propostos (por exemplo, manter uns globos no aire).
- Descubrimiento guiado: O alumno/a chega á solución das actividades propostas guiado polo profesor (por exemplo, a repercusión do exercicio físico no ritmo cardíaco).
- Asignación de tarefas: Exercicios que executan con liberdade (circuitos ou percorridos).
- Traballo por grupos: Cada grupo trabada nun espazo (como practicar hábitos posturais).

3. MODELO DE SESIÓN.

O modelo de sesión que empregaremos (*Pila Teleña*), conta con tres partes:

- *Quecemento*: 10 minutos. Para preparar ó alumnado para a posterior parte principal.
- *Parte principal*: 25 minutos. Encamiñada a afondar de cheo nos contidos.
- *Volta á calma*: 5 minutos. Onde recuperarán a calma inicial, con xogos tranquilos ...

Estas partes poderán sufrir variacións en función dos contidos a traballar. Ademais, dispoñemos a maiores de 10 minutos para os desprazamentos e aseo posterior á sesión, abordando os contidos relacionados coa hixiene corporal.

3. AGRUPAMENTOS.

A distribución do alumnado será flexible, en función da actividade a traballar. Neste sentido, favorecerase a interactividade do alumno/a alternando diferentes agrupamentos:

- *Traballo individual*: Actividades que requiran concentración, fomentando a autonomía.

- *Por parellas*: Traballando en colaboración cun compañeiro/a.
- *Pequeno grupo*: Aprendendo a través da interacción e cooperación cos demais.
- *Gran grupo*: Ideal para o tratamento de contidos de carácter atitudinal e xogos.

3. RECURSOS.

Realizaremos unha adecuada selección e organización dos recursos e materiais, tendo en conta que sexan variados, motivadores, próximos ao alumno/a, que favorezan a autonomía e que atendan á diversidade. Nas sesións empregaranse os seguintes recursos:

- Recursos humanos: Co profesorado do grupo, coordinaranse liñas de traballo comúns. Dispoñerei do foco de retroalimentación que me aporta do departamento de orientación. As familias implicaranse no proceso educativo dos seus fillos.
- Recursos materiais: Destaco os seguintes: patio, pavillón, ximnasio.
- Material específico da área: aros, conos, picas material mediano, bancos suecos, plinto, espaleiras, porterías ...
- Material informático e audiovisual: Reprodutor de CD, ordenadores ...
- Material non convencional: Comercializado (vaías de cores, balóns de espuma ...); do entorno ou de reciclaxe, sen ser manipulados (periódicos, caixas ...) ou elaborados.
- Zona de asemblea: Onde nos reuniremos para explicar aspectos importantes.
 - Zona de resolución de conflitos: Cunha mesa, cadeiras, o código das normas, unha folla de acordos, un micrófono e un gorro con orellas. Resolverán seus conflitos de maneira autónoma: o que ten a quenda de falar, terá o micrófono, o que escoita, o gorro cas orellas.
 - Vestuario: Para traballar os contidos de hixiene corporal (aseo posterior ás sesións).
 - Almacén: Abordando os contidos de recollida e colocación do material.

Outros como biblioteca (busca de información), aula das TIC..

3. SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE EVALUABLES DE 4º EP.

- **1º trimestre:**

- Unidade de condición física: 10 sesións
- Unidade de habilidades ximnásticas: 8 sesións
- Unidade de atletismo: 9 sesións

- **2º trimestre:**

- Unidade de loita: 6 sesións
- Unidade de coordinación óculo – manual con implemento: 6 sesións
- Unidade de minibaloncesto: 8 sesións
- Unidade didáctica de voleibol: 7 sesións

- **3º trimestre:**

- Unidade didáctica de ritmo: 5 sesións
- Unidade didáctica de xogos tradicionais e alternativos: 10 sesións

UNIDADE 1: ESQUEMA CORPORAL E SAÚDE

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>B1- CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA</p> <p>B2-O CORPO. IMAXE E PERCEPCIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Elementos orgánico funcionais relacionados co movemento. • Conciencia e control corporal en repouso e en movemento. • Toma de conciencia do propio corpo en canto á tensión e relaxación. • Adecuación da postura ás necesidades expresivas e motrices. • Discriminación da dereita e a esquerda no compañeiro e 	<p>1. Resolver situacións motrices con condicionantes espazo temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>1.2 Mantén unha adecuada actitude postural durante a realización de xogos e actividades axustados ao seu momento evolutivo.</p>	Exame
		<p>1.4 Adapta o manexo de obxectos cos segmentos superiores e inferiores a xogos de colaboración e oposición, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.</p>	Exame
	<p>2. Resolver retos elementais propios do xogo colectivo, con ou sen oposición, actuando de forma individual e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en devanditos</p>	<p>2.1 Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas en diferentes situacións motrices.</p>	Exame

<p>obxectos.</p>	<p>xogos.</p>		
<ul style="list-style-type: none"> • Execución de movementos cos segmentos corporais dominantes e manexo adecuado con segmentos non dominantes. 	<p>4. Relacionar os conceptos específicos de educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades motrices de todo tipo.</p>	<p>4.2 Comprende a explicación, usando termos e coñecementos que se desenvolven na área de ciencias da natureza sobre o aparello locomotor.</p>	<p>Preguntas orais</p>
<p>B3-HABILIDADES MOTRICES</p>	<p>5. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.</p>	<p>5.1 Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comida, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos, etc.)</p>	<p>Preguntas orais</p>
<p>B4-ACTIVIDADES FISICAS ARTISTICO-EXPRESIVAS</p>	<p>11. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.</p>	<p>5.2 Identifica efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.</p>	<p>Preguntas orais</p>
<p>B5-ACTIVIDADE FISICA E SAÚDE</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reflexión sobre hábitos de alimentación diarios: procura, selección, comprensión e formulación de información sobre a mesma. Posta en común e conclusións globais. • Prácticas responsables sobre a autoxestión da alimentación. • Hábitos posturais correctos. • Recoñecemento dos efectos beneficiosos da actividade física na saúde e o benestar. 		<p>11.1 Identifica as lesións e enfermidades máis habituais en relación á práctica de actividade física, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.</p>	<p>Traballo escrito</p>

<ul style="list-style-type: none"> • Quecemento: mobilidade articular dinámica: reflexión sobre a súa necesidade. • Iniciativa para dirixir quecementos parcialmente. • Lesións deportivas comúns: investigación, comprensión e posta en común. • Primeiros auxilios básicos. • Tecnoloxías da información e a comunicación: procura, selección e comprensión da información. • Exposición oral breve sobre diferentes temas. <p>B6-XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tecnoloxías da información e a comunicación: procura, selección e comprensión da información. • Normas de hixiene e aseo diario en clase. 	<p>12. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.</p>	<p>12.1 Utiliza as novas tecnoloxías para localizar extraer a información que se lle solícita.</p>	Traballo escrito
		<p>12.2 Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.</p>	Traballo escrito
		<p>12.3 Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións, respectando as opinións dos demais.</p>	Preguntas orais

UNIDADE 2: O CORPO E AS HABILIDADES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>B1- CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA</p> <p>B2-O CORPO. IMAXE E PERCEPCIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Sentido, dirección, orientación, simetría cos demais, apreciación de distancias respecto doutros e a obxectos en movemento.. Ritmo, orde, cadencia, duración, etc. • Aceleración, traxectoria, velocidade e interceptación. • Elementos orgánicos funcionais relacionados co movemento. 	<p>1. Resolver situacións motrices con condicionantes espazo temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>1.1 Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornas e xogos de colaboración-oposición, axustando a súa realización a parámetros espazo-temporais.</p>	<p>Observación diaria</p>
	<p>2. Resolver retos elementais propios do xogo colectivo, con ou sen oposición, actuando de forma individual e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en devanditos xogos.</p>	<p>1.4 Adapta o manexo de obxectos cos segmentos superiores e inferiores a xogos de colaboración e oposición, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.</p>	<p>Observación diaria</p>
<p>B3-HABILIDADES MOTRICES</p> <ul style="list-style-type: none"> • Anticipación de traxectorias e fluidez no xesto motor. • O bote como recurso no xogo. 		<p>2.1 Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas en diferentes situacións motrices.</p>	<p>Observación diaria</p>
	<p>4. Relacionar os conceptos específicos</p>	<p>2.2 Realiza combinacións de habilidades motrices</p>	<p>Observación diaria</p>

<ul style="list-style-type: none"> • Reorientación espacial tras o xiro e continuidade con outras accións motrices. • Proposta e resolución de problemas motores en situación global. <p>B4-ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adecuación do movemento a estruturas espaciotemporales. 	de educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades motrices de todo tipo.	básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	
		4.1 Distingue en xogos, estratexias de cooperación e de oposición.	Observación diaria
	9. Opinar ante as posibles situacións conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos demais.	9.1 Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado en clase e o seu desenvolvemento.	Observación diaria

B5-ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

UNIDADE 3: XOGANDO AO ATLETISMO

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>B1- CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA</p> <p>B2-O CORPO. IMAXE E PERCEPCIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Elementos orgánico funcionais relacionados co movemento. • Execución de movementos cos segmentos corporais dominantes e manexo adecuado con segmentos non dominantes. • Educación non sexista. • Esforzo na práctica diaria de actividade física. <p>B3-HABILIDADES MOTRICES</p> <ul style="list-style-type: none"> • Desprazamentos activos: eficaces (marcha, carreira) e menos eficaces (rube, reptación, cuadrupedia e propulsións no medio acuático, etc.). 	<p>1. Resolver situacións motrices con condicionantes espazo temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>1.1 Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornas e xogos de colaboración-oposición, axustando a súa realización a parámetros espazo-temporais.</p>	<p>Observación diaria</p>
		<p>1.3 Adapta o salto a diferentes tipos de contorna e xogos de colaboración-oposición, axustando a súa realización aos parámetros espazo- temporais.</p>	<p>Observación diaria</p>
		<p>1.4 Adapta o manexo de obxectos cos segmentos superiores e inferiores a xogos de colaboración e oposición, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.</p>	<p>Observación diaria</p>
	<p>2. Resolver retos elementais propios</p>	<p>2.2 Realiza combinacións de habilidades motrices</p>	<p>Observación diaria</p>

<ul style="list-style-type: none"> • Desprazamentos pasivos: transportes, deslizamientos, etc. • O salto como recurso en xogos de colaboración-oposición. • Saltos e cambios de plano. • Xogos de corda (abalo e volteo da corda): accións simultáneas e sincronizadas en grupo reducido. 	<p>do xogo colectivo, con ou sen oposición, actuando de forma individual e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en devanditos xogos.</p>	<p>básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Proposta e resolución de problemas motores en situación global. • Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución de desprazamentos, saltos xiros, equilibrios e manexo de obxectos. • Valoración do esforzo na mellora cualitativa da competencia motriz. <p>B4-ACTIVIDADES FISICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS</p> <p>B5-ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE</p>	<p>6. Regular e dosificar a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades.</p>	<p>6.1 Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria en distintas intensidades de esforzo e adapta o seu esforzo á duración da actividade.</p>	<p>Observación diaria</p>

<ul style="list-style-type: none"> • Dosificación do esforzo e relaxación. 			
---	--	--	--

B6-XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

UNIDADE 4: COORDINACIÓN E EQUILIBRIO

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
B1- CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA B2-O CORPO. IMAXE E PERCEPCIÓN <ul style="list-style-type: none"> • Elementos orgánico funcionais relacionados co movemento. • Conciencia e control corporal en repouso e en movemento. • Toma de conciencia do propio corpo en canto á tensión e relaxación. • Equilibrio estático e dinámico: situacións de desequilibrio e equilibrio con e sen obxectos. • Diminución na base de sustentación, 	1. Resolver situacións motrices con condicionantes espazo temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	1.2 Mantén unha adecuada actitude postural durante a realización de xogos e actividades axustados ao seu momento evolutivo.	Observación diaria
		1.6 Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	Observación diaria
	2. Resolver retos elementais propios do xogo colectivo, con ou sen oposición, actuando de forma individual e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en devanditos	2.2 Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	Observación diaria

<p>elevación do centro de gravidade e movementos corporais.</p> <ul style="list-style-type: none"> Equilibrio sobre obxectos estables, contextualizado no xogo global. Adaptación das condicións dos xogos ao desenvolvemento do equilibrio (colaboración-oposición). 	<p>xogos.</p>		
	<p>4. Relacionar os conceptos específicos de educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades motrices de todo tipo.</p>	<p>4.2 Comprende a explicación, usando termos e coñecementos que se desenvolven na área de ciencias da natureza sobre o aparello locomotor.</p>	<p>Observación diaria</p>
<p>B3-HABILIDADES MOTRICES</p> <ul style="list-style-type: none"> Desprazamentos activos: eficaces (marcha, carreira) e menos eficaces (rube, reptación, cuadrupedia e propulsións no medio acuático, etc.). Desprazamentos pasivos: transportes, deslizamentos, etc. Reequilibración despois de saltar. Xiros: eixo transversal e lonxitudinal e accións combinadas de ambos. Reorientación espacial tras o xiro e 	<p>11. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.</p>	<p>11.1 Identifica as lesións e enfermidades máis habituais en relación á práctica de actividade física, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.</p>	<p>Observación diaria</p>

<p>continuidade con outras accións motrices.</p> <p>B4-ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS</p>			
---	--	--	--

B5-ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

- 2º TRIMESTRE: Con 5 unidades. Afondaremos nas habilidades motrices básicas (desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos, recepcións) de cara á mellora global da bagaxe motora e capacidades coordinativas do alumno, finalizando coa expresión corporal.

UNIDADE 5: ACTITUDE E HABILIDADES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>B1- CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA</p> <p>B2-O CORPO. IMAXE E PERCEPCIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tecnoloxías da información e a comunicación: procura, 	<p>5. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude</p>	<p>5.3 Realiza os quecementos, valorando a súa función preventiva e de activación fisiolóxica.</p>	<p>Observación diaria</p>

selección e comprensión da información.	responsable cara a un mesmo.		
B3-HABILIDADES MOTRICES	7. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos demais, mostrando unha actitude reflexiva	7.1 Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos da clase.	Observación diaria
<ul style="list-style-type: none"> Exposición oral breve sobre diferentes temas. 		7.2 Toma conciencia das esixencias e valoración do esforzo que supón aprender novas habilidades.	Observación diaria
B4-ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS			
B5-ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE	9. Opinar ante as posibles situacións conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos demais.	9.2 Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de maneira razoable.	Observación diaria
<ul style="list-style-type: none"> Esfuerzo na práctica diaria de actividade física. Autonomía e iniciativa persoal. Normas de hixiene e aseo diario en clase. 			
B6-XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS	13. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo e aos outros, nas actividades físicas e nos xogos,	13.1 Ten interese por mellorar a competencia motriz.	Observación diaria
		13.2 Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade,	Observación diaria
<ul style="list-style-type: none"> Normas de uso de materiais e espazos na actividade física. 			

<ul style="list-style-type: none"> • Respecto ao xogador co rol contrario no xogo: desenvolvemento da empatía. • Aceptación natural da consecuencia de xogar (gañar e perder): reflexión e debate. 	<p>aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	<p>creatividade.</p>	
		<p>13.3 Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</p>	<p>Observación diaria</p>
		<p>13.4 Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</p>	<p>Observación diaria</p>
		<p>13.5 Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</p>	<p>Observación diaria</p>

UNIDADE 6: DESPRAZAMENTOS, SALTOS, XIROS, LANZAMENTOS E RECEPCIÓNS

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>B1- CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA</p> <p>B2-O CORPO. IMAXE E PERCEPCIÓN</p> <p>B3-HABILIDADES MOTRICES</p> <ul style="list-style-type: none"> • Desprazamentos activos: eficaces (marcha, carreira) e menos eficaces (rube, reptación, cuadrupedia e propulsións no medio acuático, etc.). • Desprazamentos pasivos: transportes, deslizamentos, etc. • O salto como recurso en xogos de colaboración-oposición. • Saltos e cambios de plano. • Reequilibración despois de saltar. • Xogos de corda (abalo e volteo da corda): accións 	<p>1. Resolver situacións motrices con condicionantes espazo temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>1.1 Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornas e xogos de colaboración-oposición, axustando a súa realización a parámetros espazo-temporais.</p>	<p>Observación diaria</p>

<p>simultáneas e sincronizadas en grupo reducido.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lanzamento, recepción e bote: axuste corporal, desenvolvemento cualitativo e progresión en dificultade. • Golpeos, paradas, desvíos e conducións: axuste corporal, desenvolvemento cualitativo e progresión en dificultade. • Anticipación de traxectorias e fluidez no xesto motor. • O bote como recurso no xogo. 			
--	--	--	--

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Xiros: eixo transversal e lonxitudinal e accións combinadas de ambos. • Reorientación espacial tras o xiro e continuidade con outras accións 		<p>1.2 Mantén unha adecuada actitude postural durante a realización de xogos e actividades axustados ao seu momento evolutivo.</p>	<p>Observación diaria</p>

<p>motrices.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proposta e resolución de problemas motores en situación global. • Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución de desprazamentos, saltos xiros, equilibrios e manexo de obxectos. • Toma de decisión durante situacións complexas de xogo. • Utilización das habilidades básicas en contexto lúdico global. • Valoración do esforzo na mellora cualitativa da competencia motriz. • Esforzo na práctica diaria de actividade física. • B4-ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS <p>B5-ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE</p>		1.3 Adapta o salto a diferentes tipos de contorna e xogos de colaboración-oposición, axustando a súa realización aos parámetros espazo- temporais.	Observación diaria
		1.4 Adapta o manexo de obxectos cos segmentos superiores e inferiores a xogos de colaboración e oposición, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.	Observación diaria
		1.5 Aplica o xiro sobre o eixo transversal por iniciativa propia.	Observación diaria
		1.6 Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	Observación diaria
		1.7 Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornas non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e	Observación diaria

<ul style="list-style-type: none"> Hábitos posturais correctos. <p>B6-XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS</p>		<p>incerteza procedente da contorna e ás súas posibilidades.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> O xogo cooperativo. Xogos modificados: campo e bate, invasión, cancha dividida, branco e diana,etc. 	<p>2. Resolver retos elementais propios do xogo colectivo, con ou sen oposición, actuando de forma individual e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en devanditos xogos.</p>	<p>2.1 Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas en diferentes situacións motrices.</p>	<p>Observación diaria</p>
	<p>6. Regular e dosificar a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades.</p>	<p>6.1 Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria en distintas intensidades de esforzo e adapta o seu esforzo á duración da actividade.</p>	<p>Observación diaria</p>

UNIDADE 7: XOGOS/DEPORTES ALTERNATIVOS

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
B1- CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA	1. Resolver situacións motrices con condicionantes espazo temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	1.6 Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	Observación diaria
B2-O CORPO. IMAXE E PERCEPCIÓN		1.7 Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornas non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorna e ás súas posibilidades.	Observación diaria
B3-HABILIDADES MOTRICES <ul style="list-style-type: none"> • Habilidades no medio acuático. • Esfuerzo na práctica diaria de actividade física. 		2. Resolver retos elementais propios do xogo colectivo, con ou sen oposición, actuando de forma individual e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas	2.2 Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.
B4-ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS	B5-ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE		

libres para recibir o móbil, continuidade e concatenación de accións motrices para obter vantaxe fronte ao rival. • Respecto polo medio ambiente e participación na súa conservación.	en devanditos xogos.		
	6. Regular e dosificar a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades.	6.1 Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria en distintas intensidades de esforzo e adapta o seu esforzo á duración da actividade.	Observación diaria
	7. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos demais, mostrando unha actitude reflexiva	7.1 Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos da clase.	Observación diaria

UNIDADE 8: XOGOS E ACTITUDE

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>B1- CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA</p> <p>B2-O CORPO. IMAXE E PERCEPCIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> Respecto ao xogador co rol contrario no xogo: desenvolvemento da empatía. Aceptación natural da consecuencia de xogar (gañar e perder): reflexión e debate. <p>B3-HABILIDADES MOTRICES</p> <ul style="list-style-type: none"> Autonomía e iniciativa persoal. Normas de hixiene e aseo diario en clase. <p>B4-ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS</p>	<p>5. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.</p>	<p>5.3 Realiza os quecementos, valorando a súa función preventiva e de activación fisiolóxica.</p>	Observación diaria
	<p>7. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos demais, mostrando unha actitude reflexiva</p>	<p>7.1 Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos da clase.</p>	Observación diaria
		<p>7.2 Toma conciencia das esixencias e valoración do esforzo que supón aprender novas habilidades.</p>	Observación diaria
	<p>9. Opinar ante as posibles situacións</p>	<p>9.2 Mostra boa disposición para solucionar os</p>	Observación diaria

<ul style="list-style-type: none"> Exposición oral breve sobre diferentes temas. Esfuerzo na práctica diaria de actividade física. 	<p>conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos demais.</p>	<p>conflictos de maneira razoable.</p>	
<p>B5-ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE</p> <ul style="list-style-type: none"> Normas de uso de materiais e espazos na actividade física. Seguridade viaria: condución de vehículos sinxelos e respecto ás normas. 	<p>13. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo e aos outros, nas actividades físicas e en os xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	<p>13.1 Ten interese por mellorar a competencia motriz.</p>	<p>Observación diaria</p>
<p>B6-XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS</p> <ul style="list-style-type: none"> Diálogo como medio de resolución de problemas e conflitos. 		<p>13.2 Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade, creatividade.</p>	<p>Observación diaria</p>
		<p>13.3 Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</p>	<p>Observación diaria</p>
		<p>13.4 Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</p>	<p>Observación diaria</p>
		<p>13.5 Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</p>	<p>Observación diaria</p>

UNIDADE 9: ORIENTACION

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
B1- CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA	8. Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e artísticas.	8.1 Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre tipos de xogos e actividades na natureza.	Observación diaria
B2-O CORPO, IMAXE E PERCEPCIÓN <ul style="list-style-type: none"> • Sentido, dirección, orientación, simetría cos demais, apreciación de distancias respecto doutros e a obxectos en movemento.. B3-HABILIDADES MOTRICES	10. Manifestar respecto cara á contorna e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	10.1 Faise responsable da eliminación dos residuos que se xera nas actividades no medio natural.	Observación diaria
B4-ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS <ul style="list-style-type: none"> • Adecuación do movemento a estruturas espazotemporais. 	13. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo e aos outros,	10.2 Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	Observación diaria
B5-ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE <ul style="list-style-type: none"> • Percepción e clasificación por nivel de intensidade das 	nas actividades físicas e en os xogos, aceptando as normas e regras	13.2 Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade, creatividade.	Observación diaria

<p>frecuencias cardíaca e respiratoria: tratamento gráfico.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Repartición de responsabilidades: aprendizaxe entre iguais e formulación de xogos por parte do alumno ao grupo-clase. • Primeiros auxilios básicos. • Normas de uso de materiais e espazos na actividade física. • Exposición oral breve sobre diferentes temas. • Autonomía e iniciativa persoal. <p>B6-XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Xogos de pistas e rastrexo. • Xogos no medio natural. • Respecto polo medio ambiente e participación na súa conservación. • Sensibilización e respecto polo medio ambiente. 	<p>establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>		
--	---	--	--

UNIDADE 10: EXPRESIÓN CORPORAL

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>B1- CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA</p> <p>B2-O CORPO. IMAXE E PERCEPCIÓN</p> <p>B3-HABILIDADES MOTRICES</p> <p>B4-ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento. • Adecuación do movemento a estruturas espaciotemporales. • Execución de bailes e coreografías. • Goce mediante a expresión e comunicación a través do propio corpo. • Respecto ás producións alleas. 	<p>3. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.</p>	<p>3.1 Coñece e leva a cabo danzas sinxelas, seguindo unha coreografía establecida.</p>	<p>Observación diana</p>
	<p>12. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de</p>	<p>3.2 Constrúe composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras, utilizando os recursos expresivos do corpo.</p>	<p>Observación diaria</p>
	<p>12.3 Expón os seus deas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións, respectando as opinións dos demais.</p>	<p>Observación diana</p>	

<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de mensaxes corporais. • Recreación de personaxes reais e ficticios. • Dramatizacións sinxelas. • Utilización dos obxectos e materiais e as súas posibilidades na expresión. <p>B5-ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE B6-XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS</p>	<p>apoio á área.</p>		
---	----------------------	--	--

- 3º TRIMESTRE: De 4 unidades. Practicarán xogos populares e tradicionais, alternativos, de iniciación a deportes individuais e de equipo e xogos de orientación.

UNIDADE 11: XOGOS POPULARES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>B1- CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA</p> <p>B2-O CORPO. IMAXE E PERCEPCIÓN</p> <p>B3-HABILIDADES MOTRICES</p> <p>B4-ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS</p> <p>B5-ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE</p> <p>B6-XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS</p>	<p>1. Resolver situacións motrices con condicionantes espazo temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>1.7 Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornas non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorna e ás súas posibilidades.</p>	<p>Observación diaria</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Xogos de pistas e rastrexo. • Xogos no medio natural. • O xogo cooperativo. 	<p>2. Resolver retos elementais propios do xogo colectivo, con ou sen oposición, actuando de forma individual e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en devanditos xogos.</p>	<p>2.1 Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas en diferentes situacións motrices.</p>	<p>Observación diaria</p>
<ul style="list-style-type: none"> • O xogo alternativo. • Xogos modificados: campo e bate, invasión, cancha dividida, branco e diana, etc. 		<p>2.2 Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.</p>	<p>Observación diaria</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Práctica de xogos tradicionais, e 	<p>4. Relacionar os conceptos específicos</p>	<p>4.1 Distingue en xogos, estratexias de cooperación e</p>	<p>Observación diaria</p>

	de educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades motrices de todo tipo.	de oposición.	
<p>populares de distintas culturas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Xogos populares galegos. • Sentido táctico: procura de espazos libres para recibir o • móbil, continuidade e concatenación de accións motrices para obter vantaxe fronte ao rival. • Xogos modificados: campo e bate, invasión, cancha dividida, 	8. Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e artísticas.	8.1 Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre tipos de xogos e actividades na natureza.	Observación diaria
		8.2 Recoñece a riqueza cultural dos xogos.	Observación diaria
	10. Manifestar respecto cara á contorna e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas.	10.1 Faise responsable da eliminación dos residuos que se xera nas actividades no medio natural.	Observación diaria
		10.2 Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	Observación diaria

UNIDADE 12: ACTITUDE E COMPETITIVIDADE

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>B1- CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA</p> <p>B2-O CORPO. IMAXE E PERCEPCIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Respecto ao xogador co rol contrario no xogo: desenvolvemento da empatía. • Aceptación natural da consecuencia de xogar (gañar e perder): reflexión e debate. 	<p>5. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.</p>	<p>5.3 Realiza os quecementos, valorando a súa función preventiva e de activación fisiolóxica.</p>	<p>Observación diaria</p>
<p>B3-HABILIDADES MOTRICES</p> <ul style="list-style-type: none"> • Autonomía e iniciativa persoal. • Normas de hixiene e aseo diario en clase. 	<p>7. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos demais, mostrando unha actitude reflexiva</p>	<p>7.1 Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos da clase.</p>	<p>Observación diaria</p>
		<p>7.2 Toma conciencia das esixencias e valoración do esforzo que supón aprender novas habilidades.</p>	<p>Observación diaria</p>
	<p>9. Opinar ante as posibles</p>	<p>9.2 Mostra boa disposición para</p>	<p>Observación diaria</p>

<p>B4-ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS</p> <ul style="list-style-type: none"> Exposición oral breve sobre diferentes temas. Esfuerzo na práctica diaria de actividade física. 	<p>situacións conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos demais.</p>	<p>solucionar os conflitos de maneira razoable.</p>	
	<p>13. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo e aos outros,</p>	<p>13.1 Ten interese por mellorar a competencia motriz.</p>	<p>Observación diaria</p>
<p>B5-ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE</p> <ul style="list-style-type: none"> Exposición oral breve sobre diferentes temas. <p>B6-XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS</p> <ul style="list-style-type: none"> Diálogo como medio de resolución de problemas e conflitos. Respecto polo medio ambiente e participación na súa conservación. Sensibilización e respecto polo medio ambiente. 	<p>nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	<p>13.2 Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade, creatividade.</p>	<p>Observación diaria</p>
		<p>13.3 Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</p>	<p>Observación diaria</p>
		<p>13.4 Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</p>	<p>Observación diaria</p>

		13.5 Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	Observación diaria
--	--	---	--------------------

15. AVALIACIÓN.

Esta ampárase no *D. 105/2014*, onde se establece que a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado. Será continua e global e terá en conta o seu progreso.

- MOMENTOS.

Darase preferencia ó progreso do alumno/a ó longo das sesións, avaliación criterial. Debido ó carácter continuo que posúe, apoiareime en varios momentos para realizala:

- Avaliación inicial: Realízase ó comezo de cada unidade didáctica, para coñecer o grao de desenvolvemento das competencias e capacidades psicomotrices do alumnado, e poder así adecuar as ensinanzas e determinar os obxectivos que se pretenden.
- Avaliación procesual: Levarase a cabo durante o proceso, sendo imprescindible para realizar un seguimento individualizado do alumnado e incorporar medidas adecuadas para axustarnos ás necesidades que se deriven, dado que a programación é aberta e flexible.
- Avaliación final: Valorarase o grao de cumprimento das aprendizaxes e o grado de consecución dos obxectivos propostos ó finalizar a unidade didáctica.

- TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

As distintas técnicas de avaliación que levaremos a cabo nas sesións parten da observación sistemática do traballo diario, xa que esta será o principal método de avaliación. Ó longo das unidades, teremos un seguimento individualizado dos alumnos/as, tomando notas das observacións realizadas, para que a información que obteñamos non se perda. Realizaremos dous tipos de observación: directa (sobre actitudes e comportamentos), e indirecta (dos resultados das actividades que realiza o alumnado. Tamén se terán en conta as diversas probas prácticas que iremos facendo ó longo do curso, ó final de cada unidade didáctica. A nota de ditas probas recollerase por escrito e formará parte da notta final do trimestre, xunto con aspectos como: a práctica diaria nas sesións, a participación ou a colaboración entre compañeiros/as.

Para levar a cabo as técnicas, apóiome nuns instrumentos de avaliación, seleccionando aqueles funcionais, próximos ao alumno/a e que aporten a maior obxectividade. Destaco: diario do mestre/a; rexistros anecdóticos, anotando aqueles aspectos que se consideren importantes para a avaliación; rúbricas, as cales axudaranme a levar o pulso do proceso; listas de control e escalas de observación de condutas a observar.

Exemplo de rúbrica de avaliación:

ESTÁNDAR APRENDIZAXE	INSTRUMENTO	9-10	7-8	5-6	1-4
Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	Rexistro Anecdótico Diario	Respecta e valora a diversidade de realidades corporais e niveis de competencia motriz.	Respecta a diversidade de realidades corporais e niveis de competencia motriz entre os nenos/as	Ás veces non respecta a diversidade de realidades corporais e niveis de competencia motriz.	Non respecta a diversidade de realidades corporais e niveis motores.
